




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortigueira. Concello: Ortigueira. Parroquia: San Xulián de Céltigos, na súa maior parte; San Xoán de Espasante no extremo sudoccidental. Extensión: 2,70 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade predominantemente sedimentario-areosa con pequenos tramos de acantilados moi inestables. Ábrese un arco areoso grazas ao suco tectónico que se continúa cara ao leste ata alcanzar O Esteiro e outras fracturas multidireccionais. É aproveitado polo río Mazorgán, que abre un val disimétrico e de ladeiras suaves. Polo sur, o monte Pena Maior, pecha a enseada sobre a mesma liña de costa, o que permite ver dunas remontantes tapizando a súa vertente.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aparece o habitual bandeado deste sector costeiro, con orientación NNE-SSO e sucedéndose de leste a oeste, dentro do dominio Olo de Sapo: cuarxositos e filitas satinadas de idade silúrica; unha secuencia grauvaco-filitica, igualmente silúrica; e no extremo occidental, xistos, talcoxistos e cloritoxistos da mesma idade. Na banda cuarxositos e filitas satinadas alórganse, coa mesma dirección, outras máis estreitas de metarriolitas e cuarcitas e pedras de gra feldespáticas. Entre as praias de Eirón e Santo Antonio intercálase un dique de cuarzo, mentres tras a praia de Santo Antonio se desenvolve un enclave de metaqueratófidos e rochas intrusivas afíns e no extremo oeste do areal aparece un minienclave de serpentinitas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A franxa costeira pertence ao dominio Seco e Cálido con temperaturas medias anuais superiores a 15°C (amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C) e precipitacións entre 800 mm e 1000 mm. Cara ao interior hai un incremento progresivo nas precipitacións medias anuais ata alcanzar medias entre 1000 mm e 1200 mm na cunca alta do Rego de Mazorgán, definindo o dominio climático Cálido e Subhúmido.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos na praia de Santo Antonio. A cunca do arroio de Mazorgán está formada principalmente por ubrisoles dístricos e na súa etapa máis evolucionada por cambisoles e solos sobre materiais lousentos e xistosos do tipo acrisol órtico.


AS AUGAS

O Rego de Mazorgán é o curso fluvial máis destacado ao redor do que se articula a rede de augas continentais, formada por pequenos vales tributarios principalmente pola súa marxe esquerda. As augas verten á masa de Augas Costeiras 20115.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Parcialmente protexida polo LIC Estaca de Bares, dende o extremo norte ata a metade da enseada, é unha unidade mixta na que o hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas, resulta só secundario. Ábrese un arco areoso parcelado por puntas pero que contén dunas remontantes sobre as vertentes acantiladas onde aparecen os hábitats dunares do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Nos hábitats de interior destacan os estreitos bosques de ribeira nos regos de Mazorgán, O Barral e as Veigas ademais dalgunha masa mixta con caducifolias en recolonización en Mazorgán, A Fonte e O Orto.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Dentro da unidade podemos distinguir, un uso forestal procedente de tarefas de repoboación asentado sobre as elevacións que pechan a unidade cara ao interior, Pena das Seixas ao leste, así como os relevos dispostos no extremo norte da Praia de Mazorgán ou Bimbeiroa e ao sur da de Arxúa e Santo Antonio. O uso agrario, pola súa banda, localízase sobre o parcelario ben coidado e con presenza de sebes vivas nos seus lindes, situado no eixe central da unidade, aproveitando unha orografía máis laxa e sobre o cal tamén se localiza a rede de asentamentos e comunicacións. O uso turístico está ligado aos areais citados, que ocupan toda a fronte costeira da unidade.

MORFOLOXÍA

Existen unha serie de pequenos asentamentos de carácter tradicional (Mazorgán, O Barral, A Fonte, A Brixela e O Cabaleiro), situados no tramo medio do val do Río Mazorgán, atrasados con respecto á costa e aproveitando os solos máis aptos para o cultivo. Estes núcleos, que apenas experimentaron crecemento agás entre as entidades da Fonte e O Cabaleiro ao longo da vía de conexión AC-6102, conforman o poboamento orixinario da unidade. Na fronte costeira, situado no flanco NE da Praia de Bimbeiro, aparece un asentamento recente, disperso, vinculado ao uso turístico da zona. Trátase dun conxunto de edificacións de vivenda unifamiliar illada sen trama coherente que ocupa, aleatoriamente, o parcelario agrícola preexistente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A infraestrutura principal é a estrada AC-6102, que atravesa o conxunto da unidade de sur a norte conectando as pequenas aldeas ata Mazorgán, de onde sae un ramal cara á unidade contigua cara ao norte (Costa de Bares e Picón), para finalmente alcanzar a fronte costeira á altura da Praia de Mazorgán. Desta estrada, parte do centro da unidade unha vía con sentido leste-oeste que discorre polo bordo sur conectando co Porto de Espasante inmediatamente ao oeste da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na parroquia de Céltigos atópanse situada a igrexa de San Xiao que data do século XVIII da que só se conserva o campanario, incorporado á actual igrexa de recente construción e no extremo occidental da unidade, pertencente ao núcleo urbano de Espasante, a ermida de Santo Antonio. Por outro lado, cabe destacar a existencia do depósito arqueolóxico do Castro dos Castelos, situado no saliente rochoso coñecido como Pena Castelo, que divide o arco areoso entre as praias de Mazorgán, ao norte, e Arxúa ao sur.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase, principalmente, pola persistencia do modelo tradicional baseado nunha distribución equitativa dos usos do solo, agrícola, forestal e residencial, aínda que os novos usos turísticos asociados a unha fronte litoral composta por tres areais, Mazorgán ou Bimbeiro, Arxúa e Santo Antonio, introducen modificacións ao patrón de organización preexistente coa creación de novos ámbitos residenciais que premen determinados ámbitos próximos á costa como sucede co caso da Praia de Mazorgán. A organización actual deste territorio estrutúrase a partir do eixe viario con dirección norte-sur que representa a estrada AC-6102.

DINÁMICA DA PAISAXE

A dinámica desta unidade está polarizada polas terras de cultivo do val que iniciaron un proceso de transformación do uso agrícola en residencial, sobre todo no tramo máis próximo á zona de costa. Recentemente, o ámbito da Praia de Bimbeiro foi acollendo edificación residencial que se foi superpoñendo á parcelación preexistente nun proceso alleo a calquera ordenación vinculada á topografía e aos valores ambientais e paisaxísticos do lugar.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os principais valores da unidade son de carácter ambiental, pois os principais trazos que valorizan a unidade son a presenza e calidade do arco areoso da fronte costeira, ocupando, practicamente na súa totalidade o sector litoral da Enseada de Santo Antonio. Cara ao interior, a unidade queda encadrada, a xeito de fondo escénico, polas ladeiras de catro elevacións, entre as que destaca a Pena das Seixas, recubertas de vexetación forestal que contribúe a mellorar a calidade paisaxística do fondo escénico da unidade e nas que se recollen as augas de escorrentía que se verten no aparato hídrico que organiza o val. Nos cumios destes modestos relevos localízanse puntos de observación natural da unidade, como puidese ser o de Pena Maior. O sector nororiental da fachada marítima da unidade atópase baixo a protección do LIC e ZEPVN de Estaca de Bares, segundo a Directiva Hábitat e Lei galega de espazos protexidos. Pola súa banda, a rede de asentamentos, vinculada á actividade agrícola do fondo do val, mantivo o seu carácter tradicional con escasos crecementos recentes que non desvirtuaron, aínda, os trazos primixenios deste conxunto territorial.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



